



Para que a Asociación de Nais e Pais?

- Para velar polos dereitos do alumnado e das nais e pais na educación obrigatoria axudando á comunidade educativa a través do representante que ten a asociación no consello escolar (encargado da xestión do centro).
- Para colaborar co centro nas xestións de cara a conseguir máis medios, así como nas reclamacións ante os responsábeis do goberno da Xunta de Galicia e do Concello de Santiago para pedir melloras das instalacións ou doutro tipo.
- Dende o curso pasado estamos en contacto coas ANPAS dos outros centros de Santiago para crear unha federación de ANPAS local que nos permita actuar conxuntamente nas reivindicacións comúns ante as diversas institucións.
- Para xestionar o seguro escolar de accidentes e así garantir a rápida atención en caso de accidente e axudar ó alumnado nas viaxes, excursións, etc.
- Para proporcionar servizos que faciliten a conciliación da vida familiar coa escolar e laboral. Grazas á xestión desta ANPA o CEIP Pío XII dispón de:
 - Servizo de comedor escolar e atención ó alumnado ata o inicio das actividades extraescolares ou mentres agardan que os veñan recoller. Conseguiuse, tamén, que este ano se cedese o uso do pavillón de baloncesto de 15 a 16 h. para que as nenas e nenos dispoñan dun lugar cuberto e minimamente acondicionado onde xogar neste tempo de espera.
 - Servizo de transporte escolar mediante tres liñas de autobuses.
 - Servizo de madrugadores, que ofrece atención en horario de 7:45 a 9:00 durante todo o curso.
 - Servizo de cuidadora de educación infantil (este ano, gratuíto).
 - Colaboración coa biblioteca do colexio e actividades de dinamización da biblioteca e animación á lectura.
 - Xestión do chándal do colexio
 - Unha das máis amplas ofertas de todo Santiago de actividades extraescolares polas tardes:

Actividades ofertadas e idades indicadas

A partir de 3 anos:	Coro, actividades ximnásticas, baile galego, inglés e teatro.
De 3 a 5 anos:	Taller musical.
A partir de 4 anos:	Debuxo.
A partir de 5 anos:	Xadrez, ballet e aeróbic (pequenos).
A partir de 6 anos:	Judo e natación.
De 6 a 8 anos:	Iniciación á música (solfexo).
A partir de 7 anos:	Teatro (maiores) e instrumento (guitarra, piano).
A partir de 8 anos:	Aeróbic (maiores).

No curso 2007/08 as actividades comezaron o 17 de setembro e rematarán co curso escolar, o 20 de xuño. Durante o mes de setembro establécense dúas semanas de portas abertas co fin de que o alumnado poida elixir aquelas actividades que máis lle interesan e os pais/nais cadren horarios. A partir do 10 de outubro danse por pechadas as listas de cada actividade.

Todas as nais, pais ou titores/as do alumnado do colexio Pío XII que o desexen poden formar parte desta asociación. A cota anual para o curso 2007/08 é de 17 por familia e curso escolar e o custe do seguro de 7,50 € por alumno/a. A suscripción deste seguro é obrigatoria para poder participar en calquera das actividades ou servizos que organiza a ANPA. De todas formas, pode tamén contratarse voluntariamente para o resto de alumnas/os, pois ofrece cobertura non só no centro, senón tamén nas excursións, viaxes, visitas, e incluso no traxecto da casa ó colexio.

Colabora con todos. Faite da ANPA !!!

Podedes obter máis información no enlace da ANPA "A Ferradura" dentro da páxina web do colexio: <http://centros.edu.xunta.es/ceippi/xii/>

NOVIDADES: DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR



Conscientes do enorme potencial que supón a lectura para o bo desenvolvemento cognitivo das nenas e nenos en idade, iniciábase no presente curso un programa de dinamización da biblioteca do colexio que ten como finalidade a realización de actividades de promoción e animación á lectura. Con esta iniciativa pretendemos que o alumnado se familiarice, xa desde os primeiros cursos, coa biblioteca escolar, que a recoñeza como un espazo propio e acuda a el espontaneamente ben na procura de novas lecturas, ben para atopar nela un lugar tranquilo no que ler. Estas actividades realízanse os martes (Taller de lectura) e xoves (Actividades de animación á lectura temáticas), de 16:00 a 17:00 para infantil e de 17:00 a 18:00 para primaria. Os venres faremos Audición de contos todos xuntos. Vémonos alí? Quedades todos convidados.

a anpa en cifras

SOCIOS ANPA FAMILIAS	390
SEGURO ESCOLAR	497
USUARIOS AUTOBÚS	139
USUARIOS COMEDOR	203
USUARIOS MADRUGADORES	43

Información

Todo isto non sería posible se non tivesemos un amplo equipo de monitoras e monitores:

Madrugadores:

Ana Martínez López
María Mosquera Paz
Isabel Moure Pereira

Comedor:

Ana Martínez López
Manuela Martínez López
Nuria Lamas Campos
María León Otero
M^o Carmen Otero Sando
Evaristo Castromil Lombera
Javier Castromil Lombera
Isabel Moure Pereira

Autobuses:

Paloma Lombera Moret
Beatriz Álvarez Pino
David Rosende Iglesias

Cuidadora para El:

María Mosquera Paz

ACTIVIDADE	Nº	PROFESORADO
ACT. XIMNÁSTICAS	24	BELÉN CASTIÑEIRAS NIEVES
AERÓBIC	30	BELÉN CASTIÑEIRAS NIEVES
BALLET	35	MERCEDES MARTÍNEZ M.
BAILE GALEGO	12	EDIT COTILLA QUINTELA
DEBUXO	23	REBECA NOVO CASTRO
GUITARRA	4	XOSÉ ALFONSO PAIS OTERO
PIANO	12	YOLANDA EIRAS MOREIRAS XOSÉ ALFONSO PAIS OTERO
MÚSICA	57	YOLANDA EIRAS MOREIRAS
INGLÉS	37	ARCHANA GARCÍA CASTRO
IUDO	26	NATALIA GÓMEZ BAYÓN
TEATRO	20	ANDREA ÁLVAREZ PINO
XADREZ	21	DAN CRUZ ÁLVAREZ DE RON
NATAción	119	MONITORES DA PISCINA